



ANOITECÍA. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primavera os pinos botan milleiros de velas, collendo eisí o aspecto de candieiros xigantes. ¡Cántas veces sentimos desexos de alcandel-as velas dos pinos! Pois ben, perto do meu pino acertou a pasalo Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡ou miragre! o irmán pino, sentindo o momento relixioso i en homenaxe á Sagrada Forma, alcendeu as suas velas, que estiveron acesas namentral-o Viático non se perdeu na revolta do camiño.

UN DÍA DE NADAL, ollando unha paisaxe que imitaba un Nacemento, decateime de que hai máis fermosura nas froliñas dos campos que nas froles de xardín. As froliñas venturais que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Breughel o Vello, namentras que as froles fountas de xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens. Dende entón eu quixen ser un venturais das letras.

CASTELAO

Exposición en Pontevedra. Recreo de Artesanos. 1922.  
"Presentación".

A. R. CASTELAO, "Viático", 1921  
Museo de Pontevedra, n.º 652



## NA MORTE DE CASTELAO

¡Irmán Daniel!

Na praia de Rianxo  
caían como bágoas as estrelas,  
espallaban teus aies derradeiros  
bruantes ventos das andinas serras,  
e ondas galgantes, en cramor, chegadas  
da pratense ribeira,  
contaban no areeiro que te foras  
da sereidade pola plan vereda...  
o camiño que nunca se desanda,  
o vieiro sin fin...

Na noite pecha  
entréi pinal adiante, medoñento,  
a ialma dun felizo prisioneira.  
Fungaban os ramallos un responso,  
brilaba a frouma verdecente acesa,  
en velorio de honra ao teu relembro.  
Ergueitas cara o ceo as ponlas, era  
cada pino un cruceiro,  
labra xenial da tua man maestra,  
e aquel forte e lanzal, que tempos idos  
escoltóu a túa prácida conversa  
co sabidor e xurdio  
Profundador de voces milagreiras,  
inquiréu delorido, en desespero:  
¿De qué morte morréu a nosa prenda?

Atravesóume o peito  
un dór punxente e esguío de saieta  
e díxenlle a verdade crú, tinguido  
cunha pinga de sangue cada verba:  
¡Morréu do mal dos bós e xenerosos!  
¡MORRÉU DE AMOR Á TERRA!

RAMÓN CABANILLAS